

MELCHOR RICOY, MESTRE DE OBRAS

Carola Macedo Cordal e Carmen Otero Roberes

*Non desmaiare...!
Ampara alén...!
Eixiña o labrexo...!
Vaidal-a chumeira...!
Carguen mociños...!
que está chegando
ó seu descanso...!
Ala por todos...!
Cantiga de canteiro*

INTRODUCCIÓN

Un dos oficios máis estendidos en Galicia foi o de canteiro, xa que a pedra era o elemento fundamental da construción, sendo Pontevedra lugar de orixe de moitos deles. Desde aquí saían a traballar polas catro provincias e, algúns, non poucos, chegaron a esta comarca; como a figura á que van adicadas estas páxinas, que, aínda que traballou como mestre de obras, vén dunha tradición vencellada co traballo da pedra.

Tiñan os canteiros unha fala propia "verba dos arxinas", e cantigas, que regulaban o esforzo dos traballadores.

ACHEGAMENTO Á SÚA VIDA

Nace o 11 de xullo de 1731 en Campo Lameiro, nese momento pertencente á xurisdición de Cotobade e freguesía de San Miguel do Campo (Pontevedra) e por avatares da vida fixará a súa residencia en San Martiño (Cabanas, A Coruña). Foi o maior de cinco irmáns: Alberto, Mateo, Mariana e Ángela; pero será co primeiro co que vai traballar en moitas obras ao longo da súa vida, ambos os dous mestres de obras, contratistas e, ás veces, proxectistas das mesmas. A nosa elección de centrar este traballo na vida e obra de Melchor e non na dos dous irmáns débese a dúas razóns: unha é que a obra de Alberto está máis estudada e a súa figura é máis coñecida, e, por outra, o vencello que Melchor ten con nosa vila polo seu casamento e establecemento da súa residencia en Cabanas. Eran fillos de Raphael Ricoy Barro e Raphaela Bordel Caneda, veciños e naturais de Campo Lameiro. Murguía pensaba que o seu avó era Juan Ricoy, mestre ebanista en Pontevedra no século XVII, pero, en realidade, foron os seus avós paternos Matheo de Ricoy e Ángela Barro, veciños tamén da parroquia de San Miguel do Campo; e, os seus avós maternos, Matías Bordel e Valentina Caneda. Criouse Melchor nunha familia e nunha vila de canteiros e supoñemos que comezou aquí a súa aprendizaxe. Non hai que esquecer que na súa familia aparece o apelido Barro e non pode ser simple casualidade que se acostumase chamar "Barrosos" aos canteiros que provi-

ñan da provincia de Pontevedra, en especial aos de Cotobade; deles di Otero Pedrayo *"los barrocos tienen fama tradicional, forman asociaciones técnicas que emplean una jerga propia; han trabajado en todas las ciudades españolas, y en Galicia...Ellos trabajaron los pazos y las iglesias barrocas, y en todas partes son aún maestros en su arte"*.

Traballou Melchor co seu irmá Alberto, as máis das veces como o seu axudante, sendo este o que firmaría a maior parte dos contratos. Debido a esto, atopamos que algúns traballos de Melchor foron atribuídos ao seu irmán, e viceversa. Malia que fixeron moitas obras xuntos, tamén despregaron o seu labor por separado, acadando certa sona na época e traballando cos mellores arquitectos dese momento.

A época destes irmáns coincidiu cunha etapa de crecemento na que eles desenvolveron o seu negocio de cantería, chegando a ser bastante coñecidos entre o gremio. Alberto tiña contactos coa Inquisición¹ e é de supoñer que usaría esta influencia coa igrexa para conseguir contratos de obras, nos que podemos incluír os que realizou para o Arcebispo Raxoi (Pazo de Raxoi, que era o Seminario de Confesores, Consistorio e Cárcere; Pazo do Inquisidor Martínez Nubla...). Melchor, na súa estancia en Santiago residiu co seu irmán no mesmo Seminario que estaban a construír, pero entre os dous houbo desavinzas debido á relación que Alberto mantiña coa criada e que Melchor desaprobaba. Aínda que este se mudará a Cabanas definitivamente por motivo do seu matrimonio, o traballo en Santiago non remata até 1772. En 1761 casa en Cabanas con Paula Valerio (tamén chamada Paula López) natural desta parroquia, coa que ten polo menos dous fillos, os que constan vivos ao falecemento da súa nai: o licenciado Francisco Ricoy, e o que foi párroco de San Andrés de Cabanas, Bernardo Ricoy.

Nesta parroquia realiza xunto co seu irmá a igrexa de San Martiño, ademais dalgúns reparacións na Casa Grande, e supoñemos a súa probábel participación nas outras obras que o seu irmá Alberto realiza baixo a tutela do arcebispo na vila de Pontedeume e arredores, xa que, aínda que non apareza o seu nome, sabemos que estaba en San Martiño do Porto acompañando a Alberto cando este é chamado para facer as torres da igrexa parroquial de Pontedeume. Realizarían ademais: a casa do arcebispo ou "Pazo de Raxoi", os almacéns do peirao e a desaparecida capela de Covés. En solitario fai a obra da fachada do convento dos Agostiños. Dende Cabanas sae para traballar noutras zonas de Galicia, como Silleda, onde proxecta e realiza a igrexa de Santa María dos Desamparados, e participa na construción da Carrilería e Real Plantío, estrada que ía de Santiago a Pontevedra, e de aí a Ponte Sampaio.

Foi ademais o fundador da Betarra, a casa familiar que construíu en Campo Lameiro, aínda que renunciou a ela para asentarse en Cabanas, onde faleceu o 22 de xaneiro de 1811, meses antes que a súa esposa Paula. Foi enterrado neste concello polo seu fillo Bernardo, na capela maior da igrexa de San Andrés, como así consta na partida da defunción *"En la parroquial iglesia de San Andrés de la villa de Cabañas y sepultura principal de la capilla mayor de ella, se le dio a el cadáver de don Melchor Ricoy, marido de doña Paula López Balerio, residente de dicha villa, que sin*

1. Segundo a información que se atopa nos documentos da familia Santos Ferro, descendentes de Matheo Ricoy.

poder haber sido administrado de los Santos Sacramentos, falleció el día veintidós de enero del año de mil ochocientos once, por haberle Dios llamado a mejor vida en un repentino ahogo, del que falleció, y su sepultura se verificó el día veinticuatro del mismo, asistiendo a sus exequias, que se verificaron el mismo veinticuatro y veinticinco, cuantos sacerdotes pudieron ser hallados en la circunferencia y comunidad de San Agustín de Puente deume. Y para que conste lo firmo. Firmado "Bernardo Ricoy".

A SÚA OBRA

PONTEDEUME

Raxoi encarga a nova fachada do Convento de Sto. Agostiño a Melchor que, como contrastista da mesma, cobra pola obra 66.000 reais. Nesta construción aprécianse características renacentistas na composición xeométrica sinxela; non embargante, hai elementos barrocos na porta principal que presenta unha moldura crebada con decoración de orelleiras, xunto a outra moldura ornamental máis grande, que busca efectos de claroscuro e xigantismo, propios de este estilo.

CABANAS

Melchor e Alberto van traballar xuntos na construción da igrexa de San Martiño do Porto, que ten unha fermosa fachada barroca. Edificio de planta rectangular, na que se inscriben unha nave, un presbiterio e unha pequena sancristía. Consta dunha soa nave abovedada, dividida por arcos fai-xóns apoiados en piares pegados ao muro, que se unen entre si formando arestas nos laterais. Chégase ao presbiterio a través dunha bóveda de aresta. Pasando a porta de entrada atopamos un coro ao que se accede por unha escaleira lateral. No exterior, a fachada componse dunha espadana de dous corpos e dun frontón curvilíneo que remata nos extremos en dúas estípites; a porta está enmarcada por molduras mixtilíneas e, sobre ela, un frontón semicircular partido na parte alta pola figura de San Martiño a cabalo que

San Martiño do Porto.





Igrexa dos Desamparados.

aparece compartindo a súa capa cun mendigo. Por riba desta imaxe ábrese unha ventá e, sobre ela, unha decoración de placas.

Tamén aparecen nomeados Melchor e o seu irmán como autores de melloras na Casa Grande. O seu nome está na relación de débedas deixadas polo último propietario, Francisco Antonio Riobóo, onde se mencionan algunhas das obras realizadas: dous lagares de cantería e "*unha cheminea grande de perpiaño de cantería*", a reedificación do pombal e o alpendre anexo, dos que se fala como "*casa para leña, granera y palomar enzima hecho de nuevo en la huerta*" e ademais da "*portada para entrar los carros*", probablemente o portalón da finca.

SILLEDA-STA MARÍA DE ABADES

Templo situado na provincia de Pontevedra, pertencente á diocese de Lugo, arciprestado de Trasdeza e concello de Silleda... Está adicada á Virxe dos Desamparados e foille encargada a Melchor polo cura da devandita parroquia. Segundo Couselo Bouzas aboáronsele polos planos e a demarcación do lugar da igrexa a cantidade de 60 reais o 26 de xuño de 1765².

2. Couselo Bouzas atribuíu esta igrexa a Alberto pero aparece Melchor como autor no Libro de Fábrica.

Feito en cachotería e de grandes proporcións, pertence a obra ao estilo neoclásico. É de cruz latina, cunha sancristía que sobresaes cara ao exterior, o cal é, á súa vez, asimétrico: un pórtico de tres arcos semicirculares no lado esquerdo e, no centro, unha torre destacada do resto da construción. Esta álzase tras unha cornixa e está formada por tres corpos: a base con dous vanos de iluminación, o segundo con vanos rectangulares moi alongados e arcos de medio punto é o campanario, e o derradeiro, máis estreito, de planta octogonal e adornado con balaústres nas esquinas. O remate é un chapitel. Ten unha cúpula de planta octogonal con pilastras nas esquinas e catro fies-tras que iluminan a bóveda.

Sería esta a única obra trazada enteiramente polo mestre Ricoy xa que non se coñecen outras da súa completa autoría, apreciándose nela a época de transición do Barroco ao Neoclásico, estilo no que xa traballara ás ordes de distintos arquitectos.

SANTIAGO

Os crecentes ingresos do clero e da nobreza, procedentes do marco rural, destináronse en boa medida ás grandes construcións, e, desta forma, foi posíbel manter as fábricas de catedrais, mosteiros, conventos e parroquias, permanentemente abertas, comezando a baixar a actividade só a comezos da segunda metade do século.

Á cabeza dos cabidos dos catedralicios atopábase o de Santiago; era a terceira mitra de Castela en canto ás rendas, en parte procedentes do voto de Santiago que consistía nun rédito particular sobre a colleita do trigo e pagaba a Coroa de Castela a esta arquidiocese. Este cabido potenciou así tanto obras de carácter relixioso como civil, que serviron de pauta no desenvolvemento da arte galega como viña ocorrendo desde había tempo. A grande demanda fixo que xunto aos seus mestres de obras traballasen outros arquitectos que asimilaron e difundiron determinadas características estilísticas. Hai constancia nas actas capitulares das numerosas visitas feitas polos arquitectos da catedral a diversas igrexas da diocese, o cal é un reflexo do papel central desempeñado por Santiago, aínda que nestes casos o arquitecto limitábase a entregar uns deseños que case sempre levaba á práctica algún mestre local.

Non eran menos os ingresos das fábricas parroquiais. As terras da rectoral e, sobre todo, os décimos fixeron do párroco un personaxe dominante do mundo rural. Parte destes ingresos, unidos aos proporcionados pola fundación de misas, estiveron destinados á reedificación das igrexas parroquiais, sen esquecer o papel desempeñado polas confrarías.

No ano 1733 chega a Compostela Juan de Ulloa, figura relevante que, cos seus coñecementos artísticos adquiridos nas súas viaxes por Italia e Francia, aparece como inspirador das obras dos arcebispos Yermo, Gil e Taboada e Raxoi. Os irmáns Ricoy pertencen pois á escola compostelá, xa que a súa primeira etapa desenvolveuse a carón dos arquitectos máis sobranceiros da cidade do Apóstolo.

Segundo Couselo Bouzas, ambos irmáns traballaron xuntos nesta cidade, Melchor como arquitecto e Alberto como mestre de obras, aínda que ambos os dous exercían tanto de mestres como de contratistas. Hai que ter en conta que nesta época as funcións dentro desta profesión non estaban totalmente delimitadas. En Santiago aparece máis destacado Alberto, xa que é o construtor dalgúns dos edificios máis importantes da arte santiaguesa do momento. En 1767 fáiselles un contrato a el e mais a López Freire para levantar a primeira parte do Seminario de Confesores e Consistorio (actual Pazo de Raxoi) e no 1770 Alberto firma un convenio no Pazo Arcebispal con Raxoi para a construción da segunda parte. Participa tamén nas obras levadas ao cabo na Universidade, xunto ao arquitecto Pérez Machado segundo plano de Miguel Ferro Caaveiro, firmándose o contrato en 1782.

CARRILERÍA E REAL PLANTÍO: CAMIÑO REAL DE SANTIAGO A PONTEVEDRA

O territorio, antes do século XVIII, estaba articulado por usos e costumes, percorríase a través dos camiños e delimitábase por montañas, mar e ríos. Non existía unha vontade de intervención sobre el, a non ser por medio da agricultura, porque non era coñecido. As intervencións nas rotas terrestres limitábanse á mellora dos pasos difíciles, a facer navegábel un tramo de río, a afianzar os camiños, á construción dunha ponte ou a pequenas rectificacións de trazado para adaptalas ao paso de vehículos de rodas. Non se tiña en conta a potencialidade que podían ter as obras públicas á hora de ordenar e estruturar o territorio.

A transformación da rede con novos camiños requiría un coñecemento distinto do territorio atravesado, véndoo como un medio productivo sobre o cal se podía intervir e tendo unha nova formulación territorial do papel que podían xogar as vías de comunicación (canaís e camiños) na estruturación económica e política do Estado; e isto, igual que nas outras nacións europeas, só podía conseguirse na España da Ilustración. Con esta vontade construíranse as calzadas romanas, nas que se apoiou a rede viaria medieval.

O soño dos ilustrados será reordenar a Natureza mediante proxectos de arquitectura e enxeñaría que traerían os cambios necesarios para que o país cambiase a súa estrutura económica. Nesta época, só o Estado podía realizar semellantes obras, e fíxoo cunha política decidida de intervención e ordenación do espazo xeográfico para fomentar a riqueza.

As canles, camiños, portos, ensanches, embelecemento das cidades, as novas poboacións e as obras de urbanización, respondían a unha vontade estatal de intervención no territorio urbano e rural, co obxecto de transformalo. As obras públicas adquiriron así unha dimensión espacial de articulación territorial do Estado, tanto no campo económico como político. Os instrumentos cos que se levará ao cabo esta intervención serán as obras públicas e a creación do corpo de enxeñeiros militares.

As dificultades de construción e financiamento das canles, unidas ás dificultades xeográficas e políticas (Portugal era a saída natural de Castela) fan difícil a xeneralización deste medio de


transporte e favorecen a conciencia de potenciar os camiños. Estes permitían atravesar o territorio sen deterse polos obstáculos xeográficos, converténdose na segunda metade do século no primeiro instrumento de conquista do mesmo. Os novos camiños van supor o primeiro intento de transformación real da rede a partir de novos trazos, que só en parte se apoia nos camiños antigos.

Segundo Martín Sarmiento, os camiños non debían conducir a ningures, porque aqueles camiños que van a algunha parte só serven para fomentar a riqueza onde xa existe unha economía. Antes de intervir no territorio, este debía ser inventariado e cartografado, o que constituirá un dos labores fundamentais do enxeñeiro. Este desmárcase así do arquitecto, cuxo proxecto está limitado no espazo. O enxeñeiro poderá elaborar políticas de ordenación xeral, inscribindoas nunha perspectiva de conquista da Natureza e de progreso social, convertendo o territorio nun xardín, no cal ten lugar o proxecto.

Dentro das obras civís promóvense as de recuperación de antigas pontes e a construción de estradas. A pesar de tratarse de obras de enxeñería, algunhas delas foron proxectadas e executadas por mestres do país, o que indica que as funcións de enxeñería e arquitectura non estaban totalmente separadas, xa que os enxeñeiros, á súa vez, proxectaban e levantaban edificios.

Parte del Plano del Camino y Plantío Real desde la Ciudad de Santiago hasta la Villa de Pontevedra: A expensas del Excmo. Sr D. Sebastián Malvar y Pinto (1792). Museo de Pontevedra.





VALGA. Ponte na "carrileira" do Arcebispo Malvar.

Os planos que se conservan do Camiño Real de Santiago a Pontevedra amósanolo rodeado de árbores. Nas marxes, todo un equipamento formado por fitos de pedra, reloxos de sol, fontes e zonas de descanso, lémbra-nos un mobiliario urbano que se estende á zona rural.

Esta grande obra foi auspiciada polo arcebispo Sebastián Malvar, continuando así a comenza-da por Raxoi, o cal mandara facer a explanación da estrada entre Santiago e Ponte Valga, quedando a obra en suspenso á súa morte. O arquitecto foi José Pérez Machado e con el colabora Melchor Ricoy. A eles atribúenselles os deseños e a execución das pontes (algunhas con asentos nos peitorís) murallóns e fitos, con reloxos de sol. Algunha capela, como a de San Antoniño (Barro) e, sobre todo, o Pazo de Gandarón e o seu Parador en Salcedo.

O Real Plantío foi proxectado en 1797. Compúñase de *"álamos y robles con su correspondiente cepa de viña enlazadas más dos diferentes hileras de frutales de las mejores especies, plantados en medio de aquéllos, así en las tierras baldías como en las testeras de las heredades"*. No proxecto enuméranse todas as árbores que corresponden a cada parroquia, 30.000 plantóns, coas normas para formalo e mantelo. Así, os veciños das parroquias máis inmediatas tiñan que facerse cargo da súa conservación e subsistencia. Logo vén unha relación de parroquias e lugares: A Rocha, Altamira, Quinta, Padrón, Cordeiro de los Baños, Peñaflor e Pontevedra. *"Ainda quedan soutos de carballos, como o que hai na Ponte da Rocha"*³.

3. Segundo Filgueira Valverde no ano 1973, na súa obra sobre o Real Plantío. Non sabemos se aínda existen eses soutos de carballos.

S. Salvador de Lerez.

Robles.....	0600.
<i>Al.^a derecha e izquierda.</i> Cepas.....	0600.
Frutales.....	0600.
	<u>10800.</u>

S. Maria de Alba.

Robles.....	0225.
<i>Al.^a derecha e izquierda.</i> } Cepas.....	0225.
Frutales.....	0225.
	<u>0675.</u>

S. Pedro de Campanó.

Robles.....	0600.
<i>Al.^a derecha e izquierda.</i> } Cepas.....	0600.
Frutales.....	0600.
	<u>10800.</u>

S. Vicente de Cerponzones.

Robles.....	0231.
<i>Al.^a der.^a e izqui.^a</i> } Cepas.....	0231.
Frutales.....	0231.
	<u>0693.</u>

JURISDICCION DELA VILLA DE PONTEVEDRA^A
QUE PERTENECE AL ALCALDE.

Tienen los vecinos de esta a su cargo hasta el Puente de Oba Villa desde donde termina la del Tuez

Alamos.....	0025.
-------------	-------



Pazo "A Betarra".

No museo de Pontevedra consérvase un plano de dita carrilería: "*Plano del Camino y Plantío Real desde la ciudad de Santiago hasta la villa de Pontevedra*", a cal, segundo Filgueira Valverde supuxo unha grande obra neoclásica que cultivou a paisaxe como un parque ademais de mellorar o estilo de vida da xente. Plásmanse así as ideas estéticas da Ilustración que ofrece algo funcional e, ao mesmo tempo, agradábel á vista, xa que toda a obra está feita con orde e simetría.

CAMPO LAMEIRO-A BETARRA

Situada e Campo Lameiro (Pontevedra) foi construída e fundada por Melchor, Alberto e Mateo Ricoy Bordel como residencia familiar de todos os irmáns. Escolleron a súa vila natal, no interior da provincia, sobre a marxe dereita do río Lérez. Fixéronse cun terreo onde existía antigamente un lugar chamado A Betarra. O terreo é lixeiramente montañoso con algúns desfiladeiros que dan paso a veigas e curtos vales nos que abonda o viñado, hai tamén carballeiras, alternadas con montes despexados, nas que é frecuente atopar cabalos salvaxes. A casa foi construída entre 1750-1780 e deseñada como Casa Grande, cun patio interior e capacidade para albergar unha familia numerosa, tiña alomenos 20 habitacións. Contaba ademais cunha corte e un curral con abundancia de animais domésticos, e un pombal. Un camiño levaba ás hortas, cos seus cultivos e froiteiras, situándose no borde do mesmo catro vivendas individuais para aloxar os pións. No soto estaba a corte que axudaba a quentar a casa coa calor dos animais. Ao seu carón estaba o curral onde se gardaba a leña e se facía o viño. Na outra parede do patio había unha fonte que traía auga da montaña. A casa atópase rodeada por fincas e monte, onde abundaban as especies de caza.

O actual Pazo componse de varias edificacións, destacando o volume da orixinaria vivenda señorial. O núcleo principal é unha torre cadrada que, non tendo unha función defensiva, representaba o poder económico das novas clases ascendentes; os muros son de cantería de granito con poucos vans e co só adorno dos pináculos na cuberta. Conta cun patín para acceder ao primeiro andar e sobre a fachada principal ten a típica porta con montante fixo e un lintel con molduras; estes linteis forman telladiños que protexen da chuvia a carpintería achanzada ás partes sobresaíntes do muro.

A pesar de que a casa se fixo para uso de todos os irmáns, diversas circunstancias levaron a que só un deles, Mateo e a súa descendencia, gozaran dela, á morte de Alberto, que aconteceu o

11 de febreiro de 1791 dunha caída de cabalo cando ía camiño de Santiago. Melchor, como xa dixemos, termina os seus días en Cabanas.

E nós, damos por finalizado este traballo coa verba usada polos canteiros cando paraban o seu labor para descansar ao mediodía “¡Abalou...!”.

BIBLIOGRAFÍA

COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia Artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Compostela, 1932.

GARCÍA-ALCAÑIZ YUSTE, Julia: “Arquitectura del Neoclásico en Galicia”. 1989

FILGUEIRA VALVERDE, José: "Fray Sebastián Malvar: El Arzobispo de la carretera y el Real Plantío", 1972.

FOLGAR DE LA CALLE, María del Carmen: " Simón Rodríguez",1979

LÓPEZ CALVO, Xesús Andrés: "O Arcebispo Rajoy e a Ilustración". *Cátedra* nº 10. 2003

OTERO PEDRAYO, Ramón: *Historia de Galiza*, Vol II.. Editorial Nós, 1962.

SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús A.: "Construyendo un pazo barroco: D. Francisco das Seixas y Losada, el maestro Toribio de la Vega y la Casa Grande de Cabañas". *Cátedra* nº 9. 2002.

SORALUCE BLOND, José Ramón, e, FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xosé: “Arquitecturas da Provincia da Coruña, Vol. IX: Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez”. Coruña 1997.

VV.AA.: *Enciclopedia Gallega*

FONTES CONSULTADAS

Arquivo Diocesano: Arquivo parroquial de Campo Lameiro (San Miguel do Campo) e Arquivo parroquial de San Martín do Porto (Cabanas)

Arquivo parroquial de San Andrés de Cabanas.

Documentación familiar cedida por Beatriz Santos Ferro e Martha Martin, descendentes de Mateo Ricoy.

AGRADECEMENTOS

Ao cura párroco de Cabanas, Manuel López Calo.
Aos descendentes da familia Ricoy: Beatriz Santos Ferro e Martha Martin.